

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

EXTRACTO da Orde do 18 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras de bolsas de formación en materia de arquivos e se convocan as correspondentes ao Programa 2026-2027 (código de procedemento CT110A).

BDNS (Identif.): 877042.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) y 20.8.a) de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/877042>

Primeiro. *Beneficiarios*

1. Graduados universitarios ou titulación equivalente, segundo o Espazo Europeo de Educación Superior, cunha configuración curricular (expediente académico) en que se acredite un mínimo de 75 créditos nas materias de historia, arquivística e/ou xestión documental.

2. Acreditación de dominio da lingua galega a nivel perfeccionamento, mediante certificado oficial ou Celga 4.

3. Non se beneficiar anteriormente destas mesmas bolsas durante un período igual ou superior aos seis (6) meses, nin renunciar a elas sen unha causa de forza maior, ao xuízo da dirección xeral competente en materia de cultura, unha vez adxudicada a bolsa.

4. Non ter emprego remunerado nin gozar doutra bolsa ou axuda durante o período de duración das reguladas por medio desta orde.

5. Non ter sido sancionado por infracción cometida por razón de bolsas concedidas para a organización e descrición de arquivos de interese galego.

Segundo. *Obxecto*

As bolsas irán destinadas a actividades de formación relacionadas cos procesos técnicos que se realizan no ámbito dos arquivos e os seus fondos documentais. Os bolseiros



serán titorizados polo persoal técnico dos centros receptores, sen prexuízo da coordinación e seguimento realizados pola consellería competente en materia de cultura.

As bolsas reguladas nesta orde concederanse en réxime de concorrència competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, concorrència, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 18 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras de bolsas de formación en materia de arquivos e se convocan as correspondentes ao Programa 2026-2027 (código de procedemento CT110A).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión das bolsas destinarase un crédito total de 246.000,00 € euros coa seguinte distribución por aplicacións orzamentarias:

– 13.03.432A.480.1: 228.000,00 €.

– 13.03.432A.484.0: 18.000,00 €.

Número de bolsas: 18.

Duración máxima: 12 meses.

Importe bruto mensual de cada bolsa: 1.055,00 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2025

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

P.D. (Orde do 28.6.2024)

Elvira María Casal García

Secretaría xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

